




RIBADAVIA XACOBEA E HOSPITALARIA

Desde que se inician as rutas xacobeas Ribadavia e a súa comarca xa desde o século IX, comezan a rexurdir poboacionalmente e tamén as explotacións agrícolas, sobre todo a vinícola.

Na Ribadavia do século XII comezan a pasar os peregrinos provenientes de Portugal e esa necesidade faise imprescindible realizar ou construír un hospital e alberguería, constrúese un, o de Santiago de Alén, lugar que agora ocupa o Convento de San Francisco. Coñecemoslo polas doazóns dalgúns fregueses de Ribadavia. Este hospital perdura uns centos de anos.

Paralelo a este, creouse o hospital de cabaleiros hospitalarios de San Juan de Xerusalén, máis tarde de Malta, a documentación remóntase ao ano de 1213, ata que no ano de 1314, o priorado destes cabaleiros en Santa María de Beade erixiuse en máis importante, decaendo o de Ribadavia .

Xa en Ribadavia había un hospital e alberguería financiado polo Concello chamado da nosa Señora dos Anxos, que contaba con importantes beneficios para o seu sostemento, xa se menciona no ano de 1534. Pero anos máis tarde polo seu decaemento e abandono, rexorde a figura do Párroco Don Bartolomeu Yáñez que o refunda e séguelle chamando da nosa Señora dos Anxos no ano de 1560. Este Hospital seguiu funcionando ata o ano de 1854,



Capilla de San Lazaro

en que se trasladou ao Convento de Santo Domingo en que se restaurou este edificio onde estaba o Convento.

Outro dos hospitais de peregrinos que existiron na vila de Ribadavia era o hospital de San Xés así o afirma un só documento de finais do século XIV, que fai referencia a este hospital ou alberguería que estaba situado ao alto da rúa da Ferrería e que dependía da Igrexa prerrománica de San Xés que estivo sita no Castelo dos Sarmiento e que foi demolida ou trasladada de lugar, só quedando as tumbas antropomorfas na rocha, como se poden ver actualmente.

Outro hospital foi o da Leprosaría ou malatos nos arredores da vila e que está documentado no ano 1224 e que no século XVI denominábase de San Lázaro e que o rexían os frades de Santa María de Melón, onde había unhas casas e viñas deste hospital destinado aos enfermos de lepra ou enfermidades da pel que ás veces se confundía con lepra. Financiábase polas rendas de viño dunhas viñas chamadas dos malatos.

Do Hospital da nosa Señora dos Anxos fainos referencia no libro da parroquia do século XVII, que fai elocuente para testemuñar o paso por Ribadavia de

peregrinos xacobeos, trátase dun peregrino francés que aquí morreu no Hospital, di que era pobre e as exequias fixéronse de esmola, atender a peregrinos e enterrar mortos figuran entre as obras de misericordia, e di así: Ao 18 de xuño de 1680 deuse sepultura ao corpo de Antonio Blanchin de nación francés. Peregrino segundo dixo e ser natural de Bobec de Francia, non se lle achou cousa ningunha, nin valija por se a levará outro compañeiro chamado Adriano Baigard, da diocese Bellocensis. (Folleto publicado por Miguel Ángel González).

Outro peregrino que morrería no hospital da vila no ano de 1724 chamábase Nicolás de Unseville, era mestre reloxeiro, natural de París e nacera na rúa de San Dionisio. Á vez que exercía de peregrino tamén exercía a súa profesión, no seu testamento dicía que lle debían uns reloxos algún veciño de Santiago.

Os hospitais facían un labor importante non só hospitalaria, senón de albergue para pasar a noite ou soamente descansar. A importancia de Ribadavia no camiño Xacobeo foi moi importante para os peregrinos que viñan de Portugal, uníndose aos arrieiros no camiño.



Actual sede Consello Regulador D.O. Ribeiro